

Unidades de Planificación Anticipada de Decisións – UPA REGAIP

DOCUMENTO DE INSTRUCCIÓN PREVIAS (DIP)

DOCUMENTO DE INSTRUCCIÓN PREVIAS (DIP) Consiste nun proceso no que a persoa manifesta unha serie de decisións anticipadas, co fin de que se leven a cabo no caso de que se atope nunha situación na que non sexa capaz de expresalas persoalmente, sobre os **coidados** e o **tratamento** da súa saúde ou, unha vez chegado o falecemento, sobre o **destino do seu corpo** e dos seus **órganos**.

UPAs ou Unidades habilitadas para o trámite do DIP

- **Servizo de Traballo Social. Hospital Universitario A Coruña (HUAC)**
Sito no 4º andar. **Teléfono: 981 17 80 05** ou **Extensión: 291415**
- **Unidade de Traballo Social. Hospital Teresa Herrera.** Sito no andar baixo.
- **Unidade de Traballo Social. Hospital Marítimo Oza.** Sito no 2º andar.
- **Unidade de Traballo Social. Hospital Abente y Lago.** Sito no 3º andar.
- **Unidade de Traballo Social. Hospital Virxe da Xunqueira - Cee**
Sito no andar baixo. **Teléfono: 981 70 61 95**
- **Xefatura Territorial de Sanidade.**
C/ Duran Loriga , 3 A Coruña. **Teléfono: 981 15 58 17**

Alcance

- Podo realizar calquera persoa, maior de idade, que actúe libremente e que teña capacidade mental para entender o contido do outorgamento.

Circuito acceso

1. Interconsulta IANUS ao Servizo de Traballo Social, no caso de persoas hospitalizadas.
2. Por propia iniciativa das persoas, a través de petición de cita programada, no resto dos casos.
 - De xeito **presencial nas unidades habilitadas** de Traballo Social Sanitario.
 - De xeito telefónico, nas liñas das Unidades habilitadas expostas.
 - Mediante correo electrónico: dip.coruna@sergas.es

Funcións do persoal habilitado para o DIP do Servizo de Traballo Social Sanitario:

1. A información sobre a planificación de decisións anticipadas: contido, limitacións e procedimentos. É de vital importancia unha posición proactiva respecto á información por parte dos profesionais de saúde.
2. A axuda, se fose necesaria, para a súa cobertura e da solicitude de inscrición do documento no REGAIP (Rexistro Galego de Instruccións Previas)
3. A formalización do DIP e a súa tramitación ao REGAIP.
4. A tramitación ao REGAIP, dos DIP formalizados ante notario ou ante tres testemuñas
 1. Tramitar as modificacións, ampliacións, concrecións ou deixar sen efecto os DIP.
 2. A tramitación da substitución e revogación do documento de instruccións previas.
 3. Tramitación de acceso ao DIP da persoa outorgante, interlocutores e representantes legais.
 4. A verificación do cumprimento dos requisitos exixidos nas solicitudes de inscrición do DIP.

Xefa de Servizo de Traballo Social

A Coruña 20 de novembro do 2018